

## Ferramentas para os cursos de lóxica matemática

### Felipe Gago Couso

#### Descrición dos materiais producidos

- Conxunto de guións para os temas da materia Lóxica Matemática na USC.
- Batería de preguntas de exame para levar a cabo unha parte da avaliación da materia.
- Elaboración dun conxunto de proxectos con autoaxuda para seren traballados polo alumnado de modo non presencial.
- Conxunto de tres animacións en Macromedia Flash para mostrar algúns aspectos básicos da lóxica matemática.
- Conxunto de cinco applets en JAVA (dous aínda en fase de experimentación) para xeneración de táboas de verdade e creación/análise de circuitos lóxicos.
- Conxunto de apuntes para seren convertidos nun mini-curso de autoaprendizaxe en determinados temas da materia.

#### Descrición das tarefas realizadas por cada membro

- Javier Barja Pérez
  - Seguimento dun Curso de de Creación de Páxinas Web Docentes
  - Recopilación de material empregado no Departamento de Computación da UdC
  - Clasificación e adaptación deste material para a Lóxica Matemática na USC
  - Revisión do primeiro proxecto de curso virtual na e-aula
- Felipe Gago Couso
  - Sucesivos intentos de contratación dun bolseiro con coñecementos de JAVA e FLASH
  - Estudio dos rudimentos da programación en JAVA
  - Adaptación/creación de varios applets en JAVA para o curso virtual
  - Primeiro proxecto de curso virtual na e-aula durante o curso 2004/05

#### Grao de cumprimento dos obxectivos do proxecto

- Exploración doutras titulacións e universidades, 75%
- Elaboración de material de autoprendizaxe, 50%,
- Potencia-la familiarización do alumnado con paquetes de cálculo simbólico, 25%
- Adaptación de material do Departamento de Computación da UdC, 75%

### **Grao de cumprimento do plan de traballo**

O plan de traballo previsto incluía o afondar no coñecemento de e colaboración co persola do departamento de Computación da UdC, así como do Departamento de Matemáticas da Universidade Pública de Navarra. Fruto destes contactos saíu un perfil de bolseiro altamente cualificado para tratar de dar respostas ás diversas necesidades dos distintos equipos. Nas tres convocatorias realizadas non tivemos candidaturas axeitadas, o que nos obrigou a redirixir o proxecto a aquelas partes que fosen factibles de acadar. Os coñecementos do persoal da UdC baseados no emprego da linguaxe MATHEMATICA non era transplantable sen mais, entre outras cousas pola non existencia de licencia dentro da USC. Con todo, seguimos en contacto e mantemos contactos periódicos así como un lugar de traballo virtual conxunto.

Os membros do equipo fixemos esforzos por familiarizarnos cos paquetes informáticos que sen dúbida darán os seus froitos nun futuro non lonxano. De feito xa fomos quen de preparar uns primeiros programas que lle dan sentido ó emprego do soporte *on line* como axuda para a materia de Lóxica Matemática, tal e como está agora concebida.

Quedan algúns problemas que resolver coa súa implementación 100% satisfactoria, pero no básico están a funcionar correctamente.

En canto á contartación do bolseiro, aproveitamos para recopilar e elaborar material de apoio que será convertido a formato HTML nunha primeira etapa para convertilo en interactivo unha vez integrado no curso virtual.

### **Valoración da experiencia**

Consideramos de gran proveito o esforzo realizado e, anque non demos superado algúns dos retos propostos, o identificarmos as dificultades non é senón o primeiro paso para resolvelas. Sen a axuda aportada e o aliciente de sentirmos que estamos a formar parte dunha experiencia de longo percorrido penso que nunca o teriamos levado a cabo.